

A “Estratexia por unha Administración Aberta” afonda na ruptura da posibilidade de negociación e nos recortes de dereitos

Este pasado 21 de xullo, a Administración convocou de forma tardía e improvisada á Mesa Xeral de Negociación presidida pola Secretaria de Estado de Función Pública e a Directora Xeral de Función Pública. O motivo foi presentar e informar da implantación da Estratexia “**Consenso por unha Administración Aberta**”.

Desde a CIG denunciámos a ruptura total de negociación por parte da Administración do Estado, que utiliza os ámbitos de negociación para que as organización sindicais validemos un modelo de Administración que se nos presenta xa pechado e que ignora os dereitos laborais máis básicos.

Nun primeiro análise do documento podemos constatar o seguinte:

Unha estratexia imposta, sen negociación colectiva

Un documento de máis de 100 páxinas que non se remitiu previamente ás organizacións sindicais, e que minutos antes xa fora presentado aos medios e aos altos cargos ministeriais.

Este xeito de actuar vulnera os principios básicos da negociación colectiva (TREBEP e a Liberdade Sindical) e demostra que a Administración non considera aos traballadores como suxeitos do cambio e negociación, senón como pezas totalmente prescindibles.

O documento segue a “folla de ruta” marcada por Europa que lle esixe reformas estruturais para o acceso de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Este documento é produto da precipitación política dun goberno incapaz de aprobar uns presupostos e que tira cara adiante ignorando os problemas reais da administración, como son o déficit estrutural das plantillas, a taxa de temporalidade, a eliminación da taxa de reposición, a xubilación parcial, a falta de carreira profesional, a necesidade dun acordo retributivo, etc.

Un modelo de intelixencia artificial sen garantías

A transformación que propón o Ministerio pivota sobre a implantación de sistemas de intelixencia artificial e robotización: automatización de tarefas, deseño de políticas e procesos de selección a partir de algoritmos, creación de novos perfís directivos e procesos de planificación baseados exclusivamente nos datos.

Reorganización funcional: mobilidade forzosa e control

A proposta reestrutura a Administración en “áreas funcionais” definidas dende arriba, sen ter en conta ningún tipo de negociación coas organizacións sindicais. A isto temos que engadir que este documento non ten en conta os destinos actuais, a especialización do persoal e a realidade territorial. Isto abre a porta a mobilidades forzosas, reasignacións arbitrarias e unha perda de referencias funcionais e profesionais.

Exclusión cidadá pola vía dixital

A nova Administración “personalizada” dixitaliza todos os servizos, mais non garante a atención presencial, sobre todo en zonas rurais, aumenta a brecha dixital e non prevé reforzo de persoal para oficinas nin medios.

Desde a CIG, defendemos o dereito a ser atendido presencialmente por unha administración pública de proximidade, humana e de calidade.

Novo modelo de acceso e carreira profesional: elitismo e individualización

A introdución dun máster obrigatorio para os grupos A1 e A2 cremos que vai supor unha barrera económica inxustificable para moitos opositores, e que atenta contra a igualdade no acceso ao emprego público.

Ademais, a nova carreira profesional prevista está baseada en criterios de produtividade e avaliación discrecional, na desaparición da promoción interna regulada e nunha xestión puramente tecnocrática que despreza a experiencia, os dereitos colectivos e a negociación sindical.

Dende a CIG queremos denunciár que este novo modelo de función pública pretende transformar radicalmente a Administración sen contar cos seus traballadores e traballadoras. Por todo isto, a CIG non será complice dunha falsa negociación, onde todo está decidido de antemán. A CIG seguirá a loitar por unha Administración Pública ao servizo da cidadanía, con condicións dignas e dereitos recoñecidos.